

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 1º BAC

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación de cada **trimestre** será resultado da suma das seguintes porcentaxes:

-80% da media aritmética das notas obtidas en dúas probas escritas que avaliarán os contidos lingüísticos e literarios adquiridos polo alumno.

-10% da cualificación obtida na proba ou traballo escrito sobre a obra de lectura obrigatoria.

-10% correspondente á participación activa na aula e entrega de traballos tanto de xeito oral como escrito.

A cualificación **final** da materia será resultado de calcular a media aritmética das notas obtidas nos tres trimestres, despois de realizar o redondeo matemático en cada unha delas.

Cómpre sinalar que nas probas e traballos escritos, valorarase positivamente o coidado na presentación, **expresión** e ortografía en todos seus aspectos (ortografía da palabra, acentuación e puntuación). Deste xeito, poderanse penalizar cun máximo de dous puntos os erros ortográficos, léxicos e de expresión, descontando 0,1 puntos por falta ortográfica ou léxica e 0,05 por erro no uso das tildes, seguindo os criterios de corrección das probas PAU.

Así mesmo, se se demostra que un alumno copia nun traballo ou proba escrita, obterá un 0 como cualificación nese traballo ou proba.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

No caso de non superar a materia nun **trimestre**, o alumno poderá recuperala mediante a realización dunha proba escrita sobre os contidos traballados na avaliación correspondente, sempre que obteña na mesma unha nota de 5 ou superior.

Do mesmo xeito, se un alumno non logra superar a materia a **final** de curso, logo de calcular a media aritmética dos tres trimestres, poderá recuperala mediante a realización dunha proba escrita (antes da avaliación final ordinaria) sobre todos os contidos traballados no curso, sempre que se obteña na mesma unha nota de 5 ou superior.

Finalmente, en caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, o alumno deberá presentarse á proba escrita da avaliación **extraordinaria**, na data establecida por Xefatura de Estudos. Para aprobala, deberá obter unha nota de 5 puntos ou superior.